

EDICTO

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 02/CF/2026

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL

Ref. Expte.: INT/2026/000451

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2026, aprobou inicialmente o expediente da seguinte modificación orzamentaria:

- Nº 02/CF/2026 de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo concertadas en exercicios pechados por importe de **290.812,50 €**, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- Modificación de crédito por crédito extraordinario Nº 02/CE/2026 por importe de **150.010,57€**.
- Modificación de crédito por suplemento de crédito Nº 03/SC/2026 por importe de **140.801,93€**.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en concordancia cos artigos 20.1 e 38.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, o citado expediente estará a disposición dos interesados en formato dixital, no enderezo electrónico <https://sede.vilagarcia.gal/public/dynamic/transparency/economicalinfo/> e, en formato papel, no departamento de Intervención deste Concello, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas indicadas modificacións orzamentarias, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2026, de forma que transcorrido o prazo de exposición ó público sen que se presentase ningunha reclamación, poderá considerarse definitivamente aprobado o expediente de referencia, procedendo a publicar a aprobación definitiva tal e como establece o artigo 169.5 do RDL 2/2004, a efectos de inicio do cómputo do prazo para que os interesados poidan interpoñer, se así o estiman, recurso contencioso-administrativo.

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

